



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES, IRIXOA 2018

1. Poderán presentarse todas aquelas persoas interesadas, individualmente, en parellas ou en grupos (3 persoas ou máis), sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.
2. Non haberá inscrición, os/as participantes desfilarán e poderán realizar unha posta en escea e o xurado valorará tanto os disfraces como a actuación.
3. A temática a representar é libre.
4. O Concurso de disfraces realizarase o 4 de marzo, no Polideportivo Municipal a partir das 18:00 horas para infantil e, nunha carpa no Campo da Festa de Irixoa, a partir das 23:00 horas, para xuvenil e grupos.
5. Establécense 3 categorías:
 - Infantil (ata 14 anos), individual, parellas ou grupos
 - Xuvenil-Adulto (a partir de 14 anos), individual ou parellas
 - Grupos (3 ou máis persoas)
6. Os premios establecidos son os seguintes:

INFANTIL (todas as categorías)

1º premio: 90 euros

2º premio: 70 euros

3º premio: 50 euros

XUVENIL-ADULTOS (individual e parellas)

1º premio: 110 euros

2º premio: 90 euros

3º premio: 70 euros

GRUPOS (de 3 ou máis persoas)

1º premio: 210 euros

2º premio: 190 euros

3º premio: 170 euros

7. Nomearanse dous xurados que serán os encargados de outorgar os premios, tendo a facultade de non admitir no concurso a aqueles participantes que consideren que non reúnen as condicións estéticas suficientes.
8. Os xurados estarán formados polos compoñentes da empresa que realice o festival infantil, no caso de concurso de disfraces infantil, e por algúns dos compoñentes da orquestra que actúe na Festa de entroido no caso de xuvenil e adultos.
9. A animadora sociocultural, Maria Elisa Alonso Figueroa actuará de secretaria.
10. Os fallos dos xurados realizarase o mesmo día do concurso. Valorarán a orixinalidade, a laboriosidade, así como a posta en escea, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.
11. A entrega de premios en todas as modalidades realizarase o mesmo día do concurso, tras a deliberación dos membros do xurado.
12. As persoas premiadas asinarán a aceptación de premio. No caso das nenas/nenos será un dos pais ou titores legais os que teñan que asinar a entrega do premio por parte da secretaria.
13. Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedendose ou comunicándose os mesmos a terceiros. As persoas participantes dan o seu consentimento para que o Concello de Irixoa poida usar fotografías ou outros medios de difusión dos disfraces gañadores con fins publicitarios.
14. A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.